



CAMPO DE VOLUNTARIADO "ALDEA ALFACUCA"

MOS (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADE	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
10-21/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15



LOCALIZACIÓN

Mos é un municipio da provincia de Pontevedra, integrado na área metropolitana de Vigo.

Na parroquia de Louredo no Concello de Mos, atopamos esta aldea restaurada na que constan unhas pequenas e antigas edificacións. Estas construcións fixéronse arredor de 1670.

Está situada no ámbito de San Antoiño e desenvólvese nunha superficie aproximada de 13.630 m². A pequena aldea está composta por dúas vivendas tradicionais, con construcións anexas, ocupando unha superficie aproximada de 600 m².

DESCRICIÓN DO CAMPO

As intervencións pretenden a mellora e posta en valor da aldea Alfacuca, e fórmulanse sobre 3 eixos:

Xardinería: coidados (poda, titorización, renovación de alcorques...) do xardín sensorial e o bosque comestible plantados en 2022.

Descortezado de acacias: para afondar no comezado o ano anterior e seguir liberando a aldea Alfacuca da presenza destas árbores invasoras.

Rehabilitación e acondicionamento das instalacións: dotar aos espazos existentes de maiores posibilidades, colocando tarima nas construcións rehabilitadas e que contan con placa de formigón no chan; instalación dun baño nas casetas que contan coa instalación de fontanería e auga; encintado das edificacións que están sen rehabilitar...

As intervencións realizaranse polas mañás, dispoñendo das tardes e noites para outras actividades.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Xogo de descuberta pola aldea.

Obradoiros:

- Caixas niño para paxaros e "Bichotel" para os insectos polinizadores
- Trampas para velutinas
- Instrumentos musicais realizados con madeira de bidueiro



Visitas:

- Castelo de Soutomaior
- Pazo de Mos
- Ruta pola Serra do Galleiro
- Castro de Pereiras e Ruta dos Muíños
- Cabo Home e Bosque Encantado de Aldán
- Cidade Deportiva Afouteza

COMO CHEGAR

- Dende Santiago, Pontevedra ou Ourense ata Vigo pódese viaxar por estrada en bus (monbus.es). Tamén se pode facer o traxecto en tren.
- Dende Vigo a Mos hai transporte publico urbano (www.vitrassa.es)



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será na propia Aldea Alfacuca, en tendas de campaña. Estrada San Antoiño, 196A, 36415, Pontevedra.

As duchas están situadas a 200 metros do lugar de pernocta.

INCORPORACIÓN

O primeiro día no lugar do aloxamento.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros.

As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo.
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupas: roupa deportiva, roupa de baño (toalla, zapatillas...) roupa de abrigo (adeuada para traballar baixo a chuvia ou con clima frío, guantes, gorro, calzado cómodo...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo: campospontevedra.xuventude@xunta.gal



INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

